

Á Mesa da Comisión 1.^a, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa da súa deputada **Patricia Vilán Lorenzo**, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **emenda** á Proposición non de lei en Comisión do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación cos bens públicos espoliados durante a ditadura franquista (10/PNC-004360, doc.núm. 55016)

Emenda de modificación

Débase substituír a parte resolutiva da proposición non de lei que quedará redactado co seguinte contido:

“O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

1. Elaborar, no marco dunha comisión dirixida pola Xunta de Galicia e da que formen parte a Comisión de Memoria Histórica, o Consello da Cultura Galega e especialistas en Dereito e en Historia, un Informe amplo e exhaustivo sobre todos os bens que puideron pasar a formar parte do patrimonio do Ditador Franco e da súa familia de maneira irregular ou ilegal na nosa Comunidade. O dito informe incluírá, cando menos: unha análise das vías para a recuperación dos bens; o asesoramento necesario a entidades ou persoas que desexen emprender accións legais para a restitución dos mesmos; un inventario sobre a procedencia, a propiedade orixinaria, a forma de adquisición, o valor histórico, artístico, cultural e económico actualizado e a súa situación actual e unha avaliación dos beneficios obtidos pola familia Franco como consecuencia da transmisión daqueles bens adquiridos irregular ou ilegalmente.
2. Dar traslado do dito Informe e de toda a documentación precisa para a súa elaboración aos Grupos Parlamentarios, coa fin de que procedan á súa análise.”

Pazo do Parlamento, 15 de outubro de 2019





PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/10/2019 16:30:00
Nº Rexistro: 57637
Data envío: 15/10/2019 16:22:41.956

Asinado dixitalmente por:

Patricia Vilán Lorenzo na data 15/10/2019 16:21:52

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 15/10/2019 16:22:05

